

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/39/2022	GOB16I0JD
374V2O2P4Q05356N0PSG	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/D<sup>a</sup>MARIAN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>NON ASISTE</u></b> D/D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do tres de novembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa, réunese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### **2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS SITAS NO POL. INDUSTRIAL FREIXEIRO, ZONA 2.B, "AS LAGOAS"..-**

(...)

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o proxecto de normalización de fincas sito no Polígono Industrial de Freixeiro, Zona 2.B “As Lagoas” (parcelas coas referencias catastrais 5694015NJ6159S0001QR, 5694014NJ6159S0001GR, 56940A2NJ6159S0001BR, 56940A1NJ6159S0000PE, 5694037NJ6159S0001UR, 5694038NJ6159S0001HR, 5694039NJ6159S0001WR, 5694040NJ6159S0001UR, 5694041NJ6159S0001HR, 5694043NJ6159S0001AR, 5694078NJ6159S0001GR, 5694067NJ6159S0001SR, 5694068NJ6159S0001ZR, 5694081NJ6159S0001GR, 5694045NJ6159S0001YR, 5694044NJ6159S0001BR, 5694046NJ6159S0001GR, 5694070NJ6159S0001SR, 56940A0NJ6159S0001WR, 5694099NJ6159S0001SR) asinado dixitalmente en data 12.09.2022 polo enxeñeiro agrónomo Juan Carlos Trillo Morado, colexiado núm. 426 e o arquitecto Luis

Felipe Cabezas Torrelo, colexiado COAG núm. 3164, e promovido por Miguel Ángel Arzúa Vázquez, Emilia da Silva San Agustín, e Argimiro Pardo S.L.

Segundo.- Someter a información pública o proxecto aprobado polo prazo **dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia así como no taboleiro de edictos deste Concello. Durante este período os promotores da actuación deberán solicitar a correspondente autorización da administración titular da estrada AC-862: Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Terceiro.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.”

O Concelleiro- Delegado de Urbanismo proponlle á Xunta de Goberno local a aprobación do dito informe proposta transcrito en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN SUBVENCIONS.-** Vista a proposta formulada que di así: A administrativa adscrita aos Programas Europeos e Planificación Local, con data 25.10.2022, elevou a esta Alcaldía o informe proposta de código PLA16I07R que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aceptación de subvencións

Con data 13.10.2022 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código PLA16I070 que di:

“

Con data 07.10.2022 o Director de Programas Europeos e Planificación Local elevou a esta Alcaldía- Presidencia o informe proposta que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvencións

Por resolución de Alcaldía de 28.01.2022, ao amparo da Orde do 1 de decembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, o Concello de Narón solicitou subvención para dúas liñas financiáveis:

- a) Liña 1: Aceites: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo á valorización para a obtención de biocarburante (Exp. PLA/1/2022).

Custe total do proxecto con IVE	12.577,95 €
Subvención solicitada á Consellería	9.147,60 €
Achega do Concello ano 2022 (12%+IVE)	3.430,35 €
Aplicación orzamentaria	1621.64000

- b) Liña 2: Puntos limpos móbiles: proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola



rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma (Exp. PLA/2/2022).

Custe total do proxecto con IVE	50.820,00 €
Subvención solicitada á Consellería	37.800,00 €
Achega do Concello ano 2022 (10%+IVE)	13.020,00 €
Aplicación orzamentaria	1621.62300

Da devandita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 10.03.2022. O pasado 28.07.2022 publicouse no DOG a resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de concesión das ditas subvencións:

Nº expediente	Línea subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaje cofinanciación por parte de la entidad local	Importe subvención resultante (hasta el 90% del coste total subvencionable con el límite de la cuantía máxima establecida)
ATPM-068-2022-RES	LÍNEA 1-ACEITE	10.395,00	12,00 %	9.147,60 €
ATPM-069-2022-RES	LÍNEA 3-PLM	42.000,00	10,00 %	37.800,00 €

Respecto das ditas subvencións, resultan de aplicación os seguintes

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido ao curto prazo para a execución e a xustificación das axudas, o cal require da maior celeridade posible para a súa aprobación desde este Concello.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.

Polo anteriormente exposto, quen suscribe eleva á Alcaldía-Presidenta a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación da subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

**SEGUNDO:** Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo para as subvencións concedidas:

**Plan de financiamento definitivo (ano 2022)**

PROXECTO		PROXECTO PARA A MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE ACEITE DE COCIÑA USADO NO CONCELLO DE NARÓN" (LIÑA 1. ACEITES)			
Importe total con IVE					12.577,95 €
Importe total sen IVE (coste subvencionable)					10.395,00 €
Financiamento externo. Fondos Next Generation	Subconcepto económico de ingresos	79701 Fondos Europeos MRR Next Generation	Importe	* 9.147,60 €	
			Porcentaxe	88 %	
	Contrapartida de gastos	1621.64000 (Código de proxecto 2022.2.NG002.29)	Importe	9.147,60 €	
			Porcentaxe	88%	
Acheга municipal		1621.64000 (Código de proxecto 2022.2.NG002.29)	Importe	3.430,35 €	
			Porcentaxe	12 % + IVE	
TOTAL FINANCIAMENTO EXTERNO				9.147,60 €	
TOTAL ACHEGA MUNICIPAL				3.430,35 €	
TOTAL PROXECTO				12.577,95 €	
PROXECTO		IMPLANTACIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓBIL NO CONCELLO DE NARÓN" (LIÑA 3. PUNTOS LIMPOS MÓBILES)			
Importe total con IVE					50.820,00 €
Importe total sen IVE (coste subvencionable)					42.000,00 €
Financiamento externo. Fondos Next Generation	Subconcepto económico de ingresos	79701 Fondos Europeos MRR Next Generation	Importe	* 37.800 €	
			Porcentaxe	90 %	
	Contrapartida de gastos	1621.62300 (Código de proxecto 2022.2.NG003.28)	Importe	37.800 €	
			Porcentaxe	90%	
Acheга municipal		1621.62300 (Código de proxecto 2022.2.NG003.28)	Importe	13.020,00 €	
			Porcentaxe	10 % + IVE	
TOTAL FINANCIAMENTO EXTERNO				37.800 €	
TOTAL ACHEGA MUNICIPAL				13.020,00 €	
TOTAL PROXECTO				50.820,00 €	

\* Procederá a xeración deste importe na aplicación orzamentaria unha vez aceptada a concesión da subvención.



**TERCEIRO:** Aceptar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda as subvencións para realizar os proxectos: “Mellora da recollida separada de aceite de cociña usado” (Liña 1. Aceites) e “Implantación dun punto limpo móbil” (Liña3. Puntos limpos móbiles) no Concello de Narón.”

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento de código ICO16I0CW), esta Alcaldesa

## RESOLVE

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.”

En cumprimento do establecido punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I0DG, esta Alcaldesa:

Dá conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada.

**4 .- PROPOSTA SOBRE A CONTESTACIÓN AO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO FRONTE AS BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE PRAZAS DE FUNCIONARIO/A POR ESTABILIZACIÓN APROBADAS POLA X.G.L. DO DÍA 01-09-2022 E TEXTO DEFINITIVO DAS MESMAS.**- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe do servizo de Organización e RRHH, e tendo en conta o dictame favorable da Mesa de Negociación así como o da Intervención Municipal, que textualmente di “ *INFORME EMITIDO EN RELACIÓN AO RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE ÁS BASES DE CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE PRAZAS DE FUNCIONARIO/A POR ESTABILIZACIÓN APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2022*

### *I-ANTECEDENTES*

*Primeiro. A Mesa de Negociación do Concello de Narón aprobou as bases para a cobertura de seis prazas por concurso da OPE extraordinaria de estabilización.*

*Segundo.- A Xunta de Goberno o día 9 de setembro de 2021 (BOP da Coruña do 27/09/2021) aprobou a oferta de emprego pública extraordinaria para 2021 por estabilización que, posteriormente e en virtude do establecido na Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021, se ampliou por acordo do día 01/09/2022 (BOP 09/09/2022) co fin de dar cobertura a todas as prazas de carácter estrutural e ocupación temporal que reúnen as condicións establecidas na citada norma.*

*Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno do día 13 de marzo de 2021 (BOP 13/04/2021), aprobáronse as bases xerais que deben rexer a oferta pública de emprego para 2021*

*O día 1 de setembro de 2022, o mesmo órgano aproba as bases específicas que rexerán a convocatoria de 6 prazas, que por reunir os requisitos establecidos na norma referida (cobertura temporal e ininterrompida anterior ao 1 de xaneiro de 2016), deberán ser cubertas a través dun procedemento de concurso.*

*Cuarto.- O día 11 de outubro de 2022, D. Iago Santamariña Piñón, con DNI \*\*\*\*\*; interpón un recurso de reposición fronte ás bases específicas de concurso da oferta pública de emprego por estabilización aprobadas o día 1 de setembro de 2022.*

## *II-NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.*
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais para 2017.*
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- RD 364/1995, de (RGIPPT), de aplicación supletoria aos funcionarios públicos das restantes administracións públicas (artigo 1.3).*
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común*
- de las administracións públicas (LPACAP).*
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (RXSP)*

## *III-CUESTIÓNS PREVIAS*

*Primeiro. Impugnación das convocatorias e as súas bases*

*Conforme o previsto no artigo 52.2 da LRBRL, o acordo polo que se aproban as bases que han de rexer a convocatoria dun proceso selectivo é un acto administrativo que pon fin á vía administrativa, o cal se atopa sometido ao réxime xeral de impugnación contra este tipo de actos, polo que fronte a este cabe interpoñer un recurso potestativo de reposición, ou ben, acudir directamente á interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo, de conformidade co artigo 123 da LPACAP.*

*Respecto diso, debemos ter en conta á súa vez que estes actos forman parte dun procedemento moito máis complexo, o cal desemboca no nomeamento daquelas persoas que superaron o citado proceso de selección, polo que, en realidade, se trata de actos de trámite dentro dese proceso selectivo, pero onde a doutrina se veu manifestando de forma pacífica, ao entender que estes son impugnables directamente, sen esperar o resultado final do procedemento selectivo, pois trátase de actos de trámite cualificados, que condicionan todo o procedemento e poden impedir mesmo a algúns interesados a súa participación.*

*Segundo. Lexitimación do recorrente para impugnar as presentes bases de convocatoria*

*A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LCAPAP) limita a interposición dos recursos administrativos a quen teña a condición*

*de interesado, quedando este definido no artigo 4, na que se inclúen aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.*

*A funcionaria que subscribe entende que debe acollerse á lexitimación do reclamante para a interposición do recurso de reposición.*

*Terceiro. Prazo de impugnación e resolución*

*O prazo para a interposición do recurso de reposición é dun mes conforme ao preceptuado no artigo 124.1 da Lei 39/2015, prazo que se contará a partir da publicación das bases das convocatorias que se recorren, polo que se os anuncios foron publicados no BOP da Coruña núm.172, o día 9 de setembro de 2022 pode afirmarse que o recurso se presentou dentro do prazo legalmente establecido.*

*Á súa vez, o prazo que ten ou Concello de Narón para resolver e notificar a dita resolución é dun mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo 124.2 da LPACAP.*

#### *IV-ANÁLISE DAS CUESTIÓN RECORRIDAS*

*PRIMEIRO.-En relación aos apartados “fundamentos” no punto 1, alega o reclamante que o obxectivo da lei é estabilizar as prazas non as persoas que as ocupen ou desempeñen , e ademais indica expresamente que non é necesario que estean nas relacións de postos de traballo.*

*O proceso selectivo de carácter extraordinario e excepcional, convocado en cumprimento do que determina a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público , ten por obxecto a cobertura definitiva das prazas que se convocan indicándose*

*expresamente na base 1.1*

*“Convócase o proceso selectivo para cubrir seis prazas vacantes correspondentes aos subgrupos C2 e C1, que se detallan no anexo I”, en cumprimento do establecido na disposición adicional sexta da mesma norma, o procedemento débese articular a través do sistema de concurso*

*Por tanto, convócanse prazas de funcionario/a dentro das escalas, subescalas e categorías correspondentes ás funcións estruturais que se pretenden cubrir con carácter definitivo.*

*SEGUNDO.- Insiste o reclamante, ao solicitar a nulidade do baremo de méritos no apartado de experiencia profesional, co seguinte que di literal “este precepto vulnera -as previsións da propia Lei 20/2021 de 28 de decembro, ao valorar o desempeño de postos de traballo e non o desempeñado en prazas, estea identificado o posto ou non.*

*-A xurisprudencia e a doutrina, ao establecer a máxima puntuación que se pode outorgar no apartado para o desempeño profesional no servizo/sección/departamento funcional do posto convocado, respecto do desempeño de funcións homoxéneas noutras administracións en calquera departamento/servizo ou sección, exista ou non”*

*Fronte a esta alegación, débese considerar, en primeiro lugar , o texto da base 8 impugnada que dispón a valoración do traballo desenvolto “... nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, calquera que sexa a forma de ocupación prevista regulamentariamente dentro do mesmo subgrupo de clasificación, mesma categoría e especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral se é o caso) ...”*

*Deixando patente que se valora o exercicio da praza convocada, non obstante, non podemos esquecer, como tampouco o fai a normativa de aplicación, que o exercicio das prazas de funcionarios/as dunha administración se realiza a través dos postos de traballo existentes na*

*organización; creados formalmente (relación de postos de traballo), ou non, sempre que se trate de funcións de carácter estrutural na administración convocante. E estas funcións estruturais realízanse, necesariamente, nas distintas áreas nas que se estrutura a organización municipal.*

*No desenvolvemento do apartado 1.1, establécese un baremo que puntúa en primeiro lugar os servizos prestados en prazas da Administración local, ( que non no Concello de Narón como parece suxerir o reclamante) e dentro destas, en áreas funcionais da praza convocada. A prestación de servizos noutras administracións valórase cun baremo inferior como é práctica habitual e referendada pola xurisprudencia (por todas, a propia sentenza citada polo reclamante ) “...un baremo no que tratándose dun concurso de méritos, se privilexie a experiencia adquirida nun posto idéntico ou similar a aquel de cuxa provisión se trata, non sería contrario á igualdade aínda cando aos restantes méritos alegables lles fose concedida unha valoración menor. Mesmo considerablemente menor...”(Sentenza do TC 281/1993, do 27 setembro REC. 2736/1990)*

*Neste sentido, é fundamental e non se pode ignorar o establecido na disposición transitoria cuarta do TREBEP , que dispón: Disposición transitoria cuarta. Consolidación de emprego temporal.*

*1. As administracións públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados presupostariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.*

*2. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*3. O contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais do postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas administracións públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria”*

*O artigo 19.6 da Lei 3/2017 do 27 de xuño de orzamento xerais para 2017 cando regula o primeiro proceso de estabilización, establece “...Ademais do previsto nos parágrafos anteriores, as administracións públicas poderán dispoñer nos exercicios 2017 a 2019 dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal daquelas prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, estean dotadas presupostariamente e, desde unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, viñesen estando ocupadas ininterrompidamente de forma temporal. A estas convocatorias seralles de aplicación o previsto no apartado terceiro da citada disposición transitoria”.*

*A remisión explícita a esta disposición realizada pola lei que define o proceso, obriga, sen dúbida, a incorporar características específicas das funcións desempeñadas que constitúen o carácter estrutural das prazas (se correspondan ou non cun posto creado formalmente, pero en todo caso si exercido ).E por iso que a valoración dentro das áreas funcionais específicas nas que se sitúan as prazas obxecto da convocatoria, resulta , a xuízo de quen subscribe, a forma máis obxectiva de dar cumprimento ás prescricións legais.*

*Os procesos de estabilización establecidos na Lei 20/2021, constitúen a terceira fase do proceso de estabilización iniciado pola Lei 3/2017, como establece a propia lei no seu preámbulo e no seu artigo 2“ por unha banda, autorízase un terceiro proceso de estabilización de emprego público. Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional*





*para a estabilización de emprego temporal que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas administracións públicas, e estando dotadas presupostariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.” Consecuentemente, a bases impugnadas, deberán axustarse, sen dúbida algunha ao citado apartado 3 da disposición transitoria cuarta do TREBEP, que en esencia e de forma obxectiva, está recollido no apartado. 1 da base 8.*

*Por maior abastanza do xa indicado, a Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do día 1 de abril de 2022. sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece ...” En todo caso haberase de cumprir co establecido no apartado 3.2., relativo á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos. Iso implica que nin formal nin materialmente supoñan a imposibilidade real de que persoas distintas de quen veña ocupando os postos se presenten a estas e, en caso de ter a puntuación necesaria, poidan obter a praza. As convocatorias desenvolvidas ao amparo deste sistema selectivo excepcional poderán esixir o cumprimento doutros requisitos específicos, como probas psicotécnicas ou físicas, que garden relación directa e obxectiva coas funcións e as tarefas a desempeñar, sendo de aplicación nas devanditas convocatorias os requisitos xerais e específicos de acceso ao emprego público do ámbito de que se trate e que veñan establecidos pola normativa básica, autonómica ou sectorial na materia.” Desta forma, a resolución incluso vai máis alá permitindo requisitos específicos segundo as funcións e tarefas a realizar.*

*Fronte a alegación indicada, débese recordar as prescricións establecidas, entre outras pola disposición adicional cuarta do TREBEP, de aplicación directa nos procesos de estabilización.*

*TERCEIRO.- No apartado terceiro, o reclamante solicita a “nulidade do baremo de méritos no apartado de formación, alegando que é discriminatoria respecto dos susceptibles aspirantes que posúan unha licenciatura, enxeñería ou enxeñería técnica universitaria por non incluírse no catálogo de titulacións a valorar especificados.*

*Tampouco é posible limitar a valoración dunha titulación universitaria polos anos que teñan pasado dende a súa realización...”*

*Neste apartado, esquece o reclamante que todas as prazas convocadas se corresponden con grupos C (subgrupos C1 e C2), para os que a titulación habilitante é como máximo, o bacharelato ou técnico (formación profesional). Probablemente o discriminatorio sería establecer un apartado específico para valorar titulacións universitarias que exceden da titulación esixida para acceder á praza.*

*Non obstante, no apartado de formación, prevese a valoración de formación que pode acreditarse a través de títulos ou estudos universitarios.*

*Por outro lado, as especificacións relacionadas cos méritos valorables á formación, correspóndense cos precedentes deste Concello para os procesos de concurso-oposición e mesmo de concurso para provisión de postos.*

*Por último, non pode o alegante citar ningunha norma legal ou regulamentaria que obrigue a valorar en apartado especial, as titulacións universitarias, resultando doutra banda, que a súa alegación, produciría incongruencia entre as prazas a prover e as titulación valoradas para a súa cobertura.*

*Fronte á alegación indicada, só cabe rexeitala por falta de fundamento legal.*

*CUARTA.-Reclama o solicitante a nulidade da segunda fase: méritos específicos, por entender que é un proceso específico para provisión de postos, e non de acceso á función pública.*

*Fronte a esta última argumentación, cabe considerar que o procedemento de concurso de méritos, establecido pola Lei 20/2021, se configura como un sistema selectivo excepcional por unha soa vez para o ingreso na función pública.*

*Efectivamente, o concurso, é un procedemento de provisión de postos, tal como se define no artigo 39 do RD 364/1995 e se perfila no artigo 57 da LEPG “o persoal funcionario de carreira seleccionárase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición. Só en virtude de norma de rango de lei pode aplicarse con carácter excepcional o sistema de concurso”.*

*En resumo, o concurso, xeral ou específico, é o sistema xeral de provisión de postos. Nada se especifica na norma habilitante (Lei 20/2021) sobre o tipo de concurso para definir o procedemento de acceso.*

*Non obstante, tendo en conta as recomendacións da Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 1 de abril de 2022 (Ministerio de Facenda e Función Pública) sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, antes citada, que recomenda de forma orientativa asignar un 90 por cento da valoración do concurso aos servizos prestados e un 10% á formación, a funcionaria que subscribe, propón por un criterio de prudencia, modificar as bases eliminando o apartado de méritos específicos, resultando un proceso selectivo por concurso ordinario e modificando en consecuencia, a valoración dos apartados de prestación de servizos para adecualos ao 90% da valoración total e a formación para adecuala ao 10% da valoración total.*

*A Mesa de Negociación deu a súa conformidade á presente proposta o día 20 de outubro de 2022*

*Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á alcaldía-presidencia, eleve á xunta de goberno a seguinte proposta :*

*Primeiro.- Rexeitar a alegación primeira presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D. Iago Santamariña Piñón, dado que o que se convocan son prazas de funcionario/a dentro das escalas, subescalas e categorías correspondentes ás funcións estruturais cubertas temporalmente, e que se pretenden cubrir con carácter definitivo.*

*Segundo.- Rexeitar a alegación segunda presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D. Iago Santamariña Piñón, dado que as bases aprobadas se axustan estritamente ao preceptuado na disposición transitoria cuarta, apartado 3, do TREBEP ao que se remiten os procesos de estabilización establecidos na Lei 20/2021 do 30 de decembro.*

*Terceiro.- Rexeitar a alegación terceira presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D. Iago Santamariña Piñón por falta de fundamento normativo e inexistencia de discriminación dado que os estudos e formación universitaria están incluídos na formación valorable, e resulta pouco axeitado un apartado*



*especial para formación universitaria, cando as prazas que se convocan se axustan a titulacións académicas distintas.*

*Cuarto .- Aceptar parcialmente a alegación do reclamante, suprimindo o apartado de concurso específico, en atención ás recomendacións establecidas pola Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público do día 1 de abril de 2022.*

*Quinto: Aprobar o texto definitivo das bases de estabilización por concurso co seguinte literal:*

## ***BASES CONCURSO OPE EXTRAORDINARIA ESTABILIZACIÓN 2021***

### *Primeira- Obxecto da convocatoria*

*1.1 Convócase o proceso selectivo para cubrir seis prazas vacantes correspondentes aos subgrupos C2 e C1, que se detallan no anexo I, polo sistema xeral de concurso e por unha soa vez, polo procedemento de estabilización de emprego temporal establecido no artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*

*1.2 Esta convocatoria rexerase polo previsto nestas bases e nas bases xerais da OEP 2021 e, en defecto de norma aplicable, estarase ao establecido na [Lei 20/2021, do 28 de decembro](#), de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e demais normas concordantes.*

*1.3 De conformidade co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os facilitados por quen concorra á presente convocatoria serán tratados polo Concello de Narón e incorporados no sistema de tratamento «Recursos Humanos», coa finalidade de xestionar e tramitar o proceso de selección obxecto desta, finalidade baseada principalmente na necesidade de dar cumprimento ao estipulado na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Os datos poderán ser comunicados a outras entidades públicas en cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e tributaria e a calquera outra entidade no caso de que exista obriga legal.*

*Os/as interesados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, e dispoñen de información adicional sobre o exercicio destes e outros dereitos, en relación cos seus datos persoais, na sede electrónica municipal : [www.sedelectronica.naron.es](http://www.sedeelectronica.naron.es)*

### *Segunda- Procedemento de provisión*

*Conforme ao previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o procedemento de provisión será o concurso específico de méritos, previsto no art. 45 do RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento*

*xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.*

*Terceira. Normativa aplicable*

*O concurso de méritos rexerese polas presentes bases, e polas bases xerais para o ano 2021, axustadas ao disposto na seguinte normativa:*

- *Arts. 97 e 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Art. 168 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local*
- *Arts. 78 e 79 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público*
- *Art. 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*
- *Arts. 36 a 50 do RGIPPT, de aplicación supletoria aos funcionarios públicos das restantes administracións públicas (artigo 1.3)*
- *Artigo 2 e DA 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público*

*Cuarta- Publicación da convocatoria*

*As presentes bases, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local , deberán ser publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Narón [www.sedelectronica.naron.es](http://www.sedeelectronica.naron.es).*

*Un extracto da convocatoria remitirase para a súa publicación no Diario oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.*

*Quinta- Condicións da participación no concurso*

*5.1. Son requisitos da presente convocatoria:*

- a) *Posuír a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no [artigo 57](#) do [Estatuto básico do empregado público](#).*
- b) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.*
- c) *Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- d) *Non ser obxecto de separación do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse en situación de inhabilitación ou equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.*
- e) *Estar en posesión da titulación esixida no anexo II desta convocatoria para cada unha das categorías profesionais convocadas. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse*



*en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España ou, se é o caso, o correspondente certificado de equivalencia.*

*5.2 Os aspirantes que non posúan a titulación acreditativa do coñecemento do galego, correspondente ao grupo de clasificación, deberán acreditar un coñecemento adecuado do galego.*

*5.3 Todos os requisitos e méritos alegados deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse, se é o caso, ata o día de formalización dos correspondentes contratos de traballo.*

## *Sexta . Solicitudes*

*6.1 Poderanse solicitar as prazas que se inclúen no anexo I deste acordo, sempre que se reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.*

*6.2 As solicitudes para tomar parte no concurso, dirixidas á Sra. Alcaldesa- Presidenta, axustaranse ao modelo publicado na sede electrónica municipal [www.sedelectronica.naron](http://www.sedeelectronica.naron) no apartado de “Oferta Pública de Empleo” “Concursos” e presentaranse no prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial do Estado» a través da propia sede electrónica, ou nas oficinas a que se refire ou artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*6.3 Coa solicitude presentaranse os seguintes documentos con carácter xeral:*

- Solicitude de participación modelo oficial*
- Copia do DNI*
- Certificado de situación administrativa á data da publicación da presente convocatoria no BOE, se é o caso*
- Certificado/s de méritos*
- Memoria.*
- Declaración de non ser separados de calquera das administracións públicas: «Declaro non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en situación de suspensión firme de funcións, nin acharme en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, comprometéndome a comunicar á autoridade competente calquera cambio que se produza neste sentido na miña situación persoal.»*

*Ademais, deberase acompañar a solicitude con:*

1. *Acreditación de posuír a titulación de galego correspondente a CELGA 3 para as prazas correspondentes ao subgrupo C2; CELGA 4 para as prazas correspondentes ao subgrupo C1.*

*No suposto de non estar en posesión do título de CELGA correspondente á praza á que se opta, deberán realizar proba de nivel de galego que se cualificará de APTO/NON APTO.*

*De resultar “NON APTO” quedará eliminado/a da presente convocatoria.*

2. *Os/as funcionarios/as con algunha discapacidade deberán facer constar na propia solicitude o tipo de adaptación que necesitan para o desempeño do posto de traballo, para os efectos do disposto no artigo 10 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, debendo acompañalo cun informe, expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto ou postos solicitados. En calquera caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo valorarase tendo en conta as posibilidades de adaptacións que se poden realizar neste.*

*Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o/a petionario/a, sen que poidan ser obxecto de modificación, aínda que poderá aceptarse polo tribunal aclaración aos méritos previamente alegados.*

*Sétima. Proba de galego*

*Incluirase como requisito o coñecemento da lingua galega que os e as concursantes acreditarán mediante a presentación, coa solicitude de participación, da documentación xustificativa de estar en posesión do CELGA correspondente, expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou do seu equivalente.*

*Inmediatamente antes de iniciar o proceso de valoración de méritos, os/as concursantes que non acrediten a posesión do título establecido no parágrafo anterior, participarán nunha proba eliminatoria que se cualificará como APTO ou NON APTO, destinada a avaliar un grao de coñecemento do galego equivalente ao conseguido coa obtención do CELGA 3 / CELGA 4 (en función da praza convocada).*

*O chamamento para a realización da proba será único.*

*Para a corrección desta proba designarase funcionario/a do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón, que actuará como experto/a.*

*Terminada a valoración da proba, o/a experto/a elevará os resultados desta ao tribunal, órgano que publicará a proposta provisional de cualificación na sede electrónica municipal.*

*Darase un prazo de 2 días para reclamacións.*

*Transcorrido o prazo e resoltas as alegacións, elevarase a proposta a definitiva continuando o proceso.*

*A superación da proba de coñecemento da lingua galega á que se refiren os artigos precedentes terá validez exclusivamente no respectivo concurso de traslados.*



*Oitava. Condicións de valoración e baremo*

*A) Condicións de valoración*

- 1. Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.*
  - 2. Aos/ás empregados/as públicos/as en situación de expectativa de destino consideraráselles o tempo de permanencia na devandita situación para os efectos de valoración de méritos xerais, como desempeñado no posto ao que estaban adscritos no momento de pasar a esta.*
  - 3. Aos/ás empregados/as públicos en excedencia por coidado de familiares e a aqueles/as que estean en situación de servizos especiais con dereito a reserva de posto e que participen neste concurso, consideraráselles, para os efectos da valoración de méritos xerais, o posto de traballo que desempeñaban no momento de cambio de situación ou, alternativamente, aquel que desde a devandita situación obtivesen por concurso. Para estes efectos, o tempo de permanencia na situación administrativa de excedencia por coidado de familiares, regulado no artigo 89.4 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, deberá considerarse como de prestación de servizos efectivos.*
- 3. Os servizos prestados computaranse por días naturais, ata o último día do prazo de presentación de instancias, inclusive.*

*B) Baremo*

*O baremo consta de dúas partes: na primeira das valoraranse os méritos por traballo desenvolvido e na segunda parte, recóllese a valoración por formación e perfeccionamento.*

*O anexo I recolle a unidade administrativa na que se sitúan as prazas convocadas.*

- 1. Fase 1 : Valoración do traballo desenvolvido. Puntuación máxima 90 puntos, mínima 12 puntos*  
*Valorarase o desempeño das prazas convocadas nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, calquera que sexa a forma de ocupación prevista regulamentariamente, dentro do mesmo subgrupo de clasificación; mesma categoría e especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral, se é o caso), ata un máximo de 90 puntos e mínimo de 12, segundo a distribución seguinte:*

*1.1 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días de desempeño da praza no servizo/sección/departamento funcional da praza convocada no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade ou categoría equivalente (contrato laboral), se é o caso, da praza que se convoca na Administración Local: 0,75 puntos (máximo 90)*

*1.2 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días en servizo/sección/departamento funcional distintas da praza convocada e dentro do mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e*



*especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral), se é o caso, da praza que se convoca na Administración local. 0,34 puntos (máximo 40).*

*1.3 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días en posto convocado no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade, categoría equivalente (contrato laboral) se é o caso, da praza que se convoca en administración pública distinta da local. 0,17 puntos (máximo 20)*

*Fase 2: Cursos de formación e perfeccionamento. Puntuación máxima: 10 puntos, mínima 1 punto*

*Só se valorarán os cursos realizados e acreditados nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

*Só serán avaliáveis os cursos directamente relacionados coas tarefas e funcións propias da praza á que se opta incluíndo aqueles de formación xeral en procedemento administrativo, seguridade no traballo, igualdade e informática de xestión, organizados e convocados por administracións públicas, territorial e institucional, así como por universidades públicas e universidades privadas, neste suposto, sempre que a formación acredite créditos oficiais (ETCS)*

*Non será avaliábel a titulación académica requirida para o acceso ao subgrupo/grupo profesional.*

*As titulacións académicas de grao, máster ou posgrao relacionadas coas funcións da praza de traballo, non comprendidas non apartado anterior, deberán referir o programa de formación así como os créditos ETCS ou equivalentes, ou se non, horas de formación.*

*Os cursos que non acrediten o número de horas ou, se é o caso, os créditos ETCS; contido ou programa da formación, non poderán ser valorados.*

*A valoración farase de acordo ao seguinte baremo:*

<i>1.2.1</i>	<i>Por cursos con duración de 15 a 20 horas</i>	<i>0,40 puntos</i>
<i>1.2.2</i>	<i>Por cursos con duración de 21 a 40 horas</i>	<i>0,70 puntos</i>
<i>1.2.3</i>	<i>Por cursos con duración de 41 horas a 99 horas</i>	<i>1 punto</i>
<i>1.2.4</i>	<i>Por cursos/títulos con duración de máis de 100 horas ou 4 ETCS</i>	<i>3,5 puntos</i>

*Non se poderá acumular a puntuación por recibir o mesmo curso, agás se acredite que se trata de reedicións actualizadas.*

*Novena. Tribunal*

*O tribunal estará constituído por cinco membros designados pola Alcaldía-Presidencia e estará formada por:*

- Presidente: funcionaria/o de carreira do Concello de Narón.*





- *Tres vogais: tres funcionarias/os de carreira do Concello de Narón ou doutras administracións públicas.*
- *Secretario: o secretario xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue.*

*A designación dos/as membros do tribunal incluírá os/as respectivos/as suplentes, e terá en conta o determinado no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, no que se refire á igualdade efectiva entre mulleres e homes nos órganos de selección.*

*As/os membros do tribunal deberán pertencer a grupos ou subgrupos de clasificación profesional igual ou superior ao esixido para as prazas e postos obxecto do concurso.*

*O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de tres dos seus 5 membros, titulares ou suplentes, indistintamente, e poderá solicitar a designación de asesores/as ou colaboradores/as con voz pero sen voto.*

*As decisións do tribunal adoptaranse por maioría de votos*

*Igualmente, correspóndelle a resolución das dúbidas que puidesen xurdir en aplicación destas normas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, e facultado para resolver cantas incidencias se expoñan para a boa orde no desenvolvemento do concurso que non estean especialmente previstas nesta convocatoria.*

*Serán normas supletorias as disposicións legais vixentes de xeral aplicación, e particularmente as normas referidas na base terceira .*

*No non previsto na presente base será de aplicación o disposto na sección 3 do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico.*

*Décima. Proposta de resolución do concurso*

*Unha vez finalizado o proceso de valoración procederase á publicación da lista provisional de méritos na sede electrónica, para que no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa exposición na sede electrónica, os/as interesados/as poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, as cales serán resoltas polo tribunal.*

*En caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos xerais enunciados na base oitava apartado 1, pola orde expresada. De persistir o empate acudirase á letra establecida na última Resolución publicada pola Secretaria de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ao que se refire o artigo 17 do RD 364/1995 de 10 de marzo que aproba ou Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.*

*Concluída a valoración dos méritos coa publicación da lista definitiva de méritos, o tribunal propondrá á Alcaldía-Presidencia que se adxudiquen as prazas e os postos de traballo aos/ás*

*candidatos/as que obtivesen maior puntuación segundo o baremo de méritos, sumando a fase primeira e segunda.*

*Con todo, nos casos nos que exista un/unha único/a participante admitido/a por praza, o tribunal poderá propoñer a adxudicación dese posto obxecto de convocatoria a aquel, unha vez alcanzada a puntuación mínima esixida para cada unha das fases, tendo en consideración a puntuación outorgada en calquera dos méritos ou a suma de varios deles, sen necesidade de valorar e puntuar o resto dos méritos.*

#### *Undécima. Resolución*

*Resoltas as alegacións, coa publicación da lista definitiva, o tribunal propondrá o nomeamento de funcionarios/as de carreira e a adxudicación definitiva dos postos á Alcaldía Presidencia, quen resolverá o presente concurso por resolución motivada, con referencia ao cumprimento das normas vixentes e das bases da convocatoria, e facendo constar os datos do/a empregado/a público, e o posto adxudicado.*

- 1. prazo máximo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización da presentación de solicitudes, podendo prorrogarse por un mes máis a proposta do tribunal.*
- 2. nomeamento de funcionario/a na praza e adxudicación da praza convocada mediante a presente convocatoria producirá, se é o caso, o cesamento no posto de traballo de quen o viñese desempeñando.*

#### *Duodécima. Lista de aprobados*

*Finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará no prazo máximo dun mes a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzada, con indicación do documento nacional de identidade, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo na sede electrónica. O devandito prazo poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada.*

*Simultaneamente á súa publicación na sede electrónica, o tribunal elevará a relación expresada ao titular do órgano competente e publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

- i. tribunal non poderá declarar un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as ou cando da documentación achegada polos aspirantes se deduza que non cumpren os requisitos esixidos ou por circunstancias sobrevindas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún dos aspirantes, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano competente poderá requirir do tribunal unha relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.*
- ii. acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do tribunal ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu labor de valoración, estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria.*

#### *Décimo terceira. Presentación de documentos*



1. No prazo de vinte días naturais, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a lista definitiva de aspirantes aprobados no Boletín Oficial da Provincia, os/as aspirantes propostos/as achegarán os documentos que a continuación se relacionan:
2. Fotocopia e orixinal do DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade, en vigor.
3. No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
4. Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a súa expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.
5. Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.
6. Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, se é o caso, puidesen esixirse en cada base específica
7. Os/as aspirantes que participasen pola cota de discapacidade deberán achegar certificado vixente acreditativo do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da comunidade autónoma. En todo caso, deberán achegar a certificación de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Aqueles aspirantes da cota de discapacidade, que en aplicación do disposto na base 9.1, obtivesen praza pola quenda de acceso libre, deberán achegar, así mesmo a documentación anteriormente sinalada.

Conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado no apartado 11.1, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos por estas, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as de carreira, quedando anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Décimo cuarta. Nomeamento como funcionario de carreira

*Concluído o proceso selectivo, quen o superase e achegase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, serán nomeados/as funcionarios/as de carreira polo titular do órgano competente, no prazo máximo de catro meses desde a publicación da relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia. Con carácter xeral, tentarase que este prazo de catro meses estea comprendido dentro do prazo xeral de tres anos de execución das ofertas de emprego público, previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*

*Os nomeamentos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A toma de posesión dos/as aspirantes que superasen o proceso selectivo farase no prazo dun mes, contado a partir da data de publicación do seu nomeamento como funcionario de carreira no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

*Transcorrido o prazo dun mes, os/as aspirantes que non teñan tomado posesión perderán todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo quedando anuladas todas as súas actuacións”*

Esta alcaldía-Presidencia, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Rexeitar a alegación primeira presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D. Iago Santamariña Piñón, dado que o que se convocan son prazas de funcionario/a dentro das escalas, subescalas e categorías correspondentes ás funcións estruturais cubertas temporalmente, e que se pretenden cubrir con carácter definitivo.

**Segundo-** Rexeitar a alegación segunda presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D. Iago Santamariña Piñón, dado que as bases aprobadas se axustan estritamente ao preceptuado na disposición transitoria cuarta, apartado 3, do TREBEP ao que se remiten os procesos de estabilización establecidos na Lei 20/2021 do 30 de decembro.

**Terceiro-** Rexeitar a alegación terceira presentada ás bases do concurso da OPE extraordinaria de estabilización para 6 prazas de funcionario, presentada por D.Iago Santamariña Piñón por falta de fundamento normativo e inexistencia de discriminación dado que os estudos e formación universitaria están incluídos na formación valorable, e resulta pouco axeitado un apartado especial para formación universitaria, cando as prazas que se convocan se axustan a titulacións académicas distintas.

**Cuarto .-** Aceptar parcialmente a alegación do reclamante, suprimindo o apartado de concurso específico, en atención ás recomendacións establecidas pola Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público do día 1 de abril de 2022.

**Quinto:** Aprobar o texto definitivo das bases de estabilización nos termos do informe-proposta transcrito.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4